RESUMO

UNIDADE 3. GALICIA NA IDADE MODERNA (1ª AVALIACIÓN, 3ª QUINCENA)

Os séculos XVI, XVII e XVIII, englobados na Idade Moderna, constitúen unha etapa histórica caracterizada por unha economía de base agraria, unha sociedade estamental baseada no privilexio e unha monarquía absoluta como forma de goberno . A integración do Reino de Galicia na monarquía hispánica, rexentada polos Reis Católicos, e a afirmación do seu poder en institucións como o Capitán Xeral, a Real Audiencia ou a Xunta do Reino, así como as reformas impostas posteriormente polos Borbóns, supoñen os feitos políticos máis destacados deste momento histórico. Por outra banda, a poboación increméntase de forma moi significativa e a situación económica mellora da man do desenvolvemento da agricultura , a introdución de cultivos novos como o maínzo e a pataca, e a aparición, xa no século XVIII, dunha industria de tipo téxtil, das innovacións no sector naval e siderúrxico e do asentamento na costa de negociadores cataláns que modifican os sistemas tradicionais. Á recuperación demográfica e ás melloras no ámbito económico hai que engadir cambios na sociedade: a derrota da nobreza laica medieval e o ascenso de certos grupos sociais que darán lugar á fidalguía. O carácter elitista e masculino da cultura letrada mantense durante toda a Idade Moderna aínda que no século XVIII os niveis de alfabetización aumentan. A creación e consolidación da Universidade de Santiago e a obra dos representantes da Ilustración en Galicia son os feitos máis destacados no ámbito do ensino e da cultura ao longo da Idade Moderna.